



## **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Química**

**Curso Académico: 2016/2017**

## Índice

1. Introducción .....	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade .....	6
3. Plan de Melloras do Centro .....	16
4. Anexo: Informes de seguimento .....	38

## 1. Introducción

O Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) busca a mellora continua da Facultade para acadar niveis de calidade que faciliten a acreditación e renovación dos títulos que se imparten nela, de acordo co establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010, e abrindo o camiño cara a acreditación institucional do Centro, de acordo co RD 420/2015. Tomando como referencia a planificación estratéxica da USC, enmarcada dentro do Plan Estratéxico e Programación Plurianual, o Centro ten como obxectivo garantir a calidade de todas as súas titulacións mediante a actualización constante da oferta académica e a mellora continua dos programas formativos.

O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixos de acordo cos programas denominados AUDIT e FIDES.

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha simplificación documental coa intención de mellorar a súa funcionalidade.

Os documentos que configuran o SGIC marco revisado da USC son o Manual Extenso, o Manual Simplificado e o Manual de Procedementos. Os centros terán que adaptar o Manual Simplificado ás súas particularidades, non tendo que replicar os outros documentos no seu sistema agás cando introduzan modificacións sobre os documentos marco.

A Facultade de Química adaptou esta documentación e aprobou unha nova modificación do [Manual Simplificado do SGIC da Facultade de Química](#) en Xunta de Facultade o 17 de Decembro de 2014. O Consello de Goberno da USC aprobou, na sesión do día 4 de febreiro de 2015, a modificación de dito Manual.

Recentemente a USC actualizou a documentación do SGC. Estas modificacións, aprobadas na Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno o 23/02/2018, poden consultarse na páxina [web da Área de Calidade da USC](#). A consecuencia dos cambios, é necesario volver a facer unha actualización do Manual simplificado do Centro antes de Febreiro de 2019.

Os/as responsables académicos/as da Facultade de Química garanten que todos os membros do seu Centro teñan acceso ao SGIC, polo que velan para que na páxina [web](#) se recolla a última versión actualizada.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro (CCC), as comisións de título, o responsable de calidade do centro e os coordinadores/as do título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados co SGIC poden consultarse no Manual Simplificado del Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Química.

A Comisión de Calidade do Centro é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros.

O procedemento de elaboración da Memoria de Calidade é o seguinte. A Comisión de Calidade do Centro (CCC) elabora a presente Memoria, que inclúe o plan de melloras. Unha vez aprobada pola CCC, a Memoria de Calidade é presentada para a súa aprobación á Xunta de Facultade. Esta Memoria será trasladada á Area de Calidade e Mellora dos Procedementos para que a Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno formule as recomendacións que considere oportunas sobre a actualizacións das Programacións Plurianuais e o Plan de Melloras do Centro. A Memoria de Calidade do Centro, unha vez aprobada, publicarase na web do Centro para evidenciar a correcta implantación do Sistema de Garantía Interna da Calidade.

O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2016-2017 abrangue todos os títulos que se imparten no Centro:

- Grao en Química
- Dobre Grao en Química e Bioloxía
- Dobre Grao en Física e Química
- Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial (MIQQI)
- Máster Universitario en Química Orgánica (MQO)
- Máster Universitario en Química Teórica y Modelización Computacional (MQTMC, coordinación xeral da Universidade Autónoma de Madrid)

Os cinco primeiros títulos están coordinados pola USC mentres que o *Máster Universitario en Química Teórica y Modelización Computacional* está coordinado pola Universidade Autónoma de Madrid.

A documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos xa citados, son a normativa xeral estatal e autonómica, a da Universidade de Santiago de Compostela (USC), o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Química e as Memorias oficiais dos Títulos de Grao e Másteres impartidos no Centro.

O obxectivo da Memoria de Calidade do curso 2016-2017 é comprobar a vixencia da política de calidade do Centro. Para isto analizamos os resultados do último curso tendo en conta os indicadores proporcionados pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC. Tamén analizamos o grado de cumprimento das accións de mellora propostas con anterioridade.

A Memoria anual de Calidade da Facultade do ano 2017 presenta como novidade o Informe de Renovación da acreditación do *Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial* e os Informes de Seguimento dos outros títulos impartidos no Centro. Os Informes de Seguimento e de Acreditación dos títulos coordinados pola Facultade de Química da USC foron elaborados polas comisións correspondentes e aprobados pola [Comisión de Calidade da Facultade](#) (sesións celebradas o 23/03/2018 e o 24/04/2018). Outra novidade é a inclusión do informe das actividades de Competencias Informacionais, elaborado pola directora da Biblioteca da Facultade de Química. A inclusión deste informe está na liña do plan estratéxico da Biblioteca da Universidade de Santiago (BUSC), onde se indica a recomendación de incluílo nas memorias de calidade dos centros.

Nos cursos 2016-17 e 2017-18 os títulos impartidos no centro pasaron polo proceso de renovación da acreditación. Cada un dos sete criterios de acreditación valorouse segundo os catro niveis seguintes:

Se supera excelentemente (A): o estándar correspondente ó criterio se logra completamente; ademais, é un exemplo que excede os requerimentos básicos.

Se alcanza (B): o estándar correspondente ó criterio se logra completamente.

Se alcanza parcialmente (C): se logra o estándar no mínimo nivel pero se detectan aspectos puntuais que deben mellorarse.

Non se alcanza (D): o criterio non logra o nivel mínimo requirido para chegar ó estándar correspondente.

En todos os casos o informe final foi favorable (o MIQQI está pendente do Informe escrito). Na seguinte táboa se recollen as valoracións obtidas.

	Grado en Química	Máster en Investigación Química y Química Industrial	Máster en Química Orgánica	Máster en Química Teórica y Modelización Computacional
Fecha de renovación de la acreditación	<b>22/06/2017</b>		<b>28/07/2017</b>	<b>30/11/2017</b>
Informe Final	<b>Favorable</b>		<b>Favorable</b>	<b>Favorable</b>
Valoración Criterio 1: Organización y desarrollo	<b>C</b>		<b>C</b>	<b>C</b>
Valoración Criterio 2: Información y transparencia	<b>B</b>		<b>C</b>	<b>C</b>
Valoración Criterio 3: Sistema de garantía de calidad	<b>C</b>		<b>C</b>	<b>B</b>
Valoración Criterio 4: Recursos humanos	<b>B</b>		<b>B</b>	<b>A</b>
Valoración Criterio 5: Recursos materiales y servicios	<b>C</b>		<b>C</b>	<b>B</b>
Valoración Criterio 6: Resultados de aprendizaje	<b>B</b>		<b>C</b>	<b>B</b>
Valoración Criterio 7: Indicadores de satisfacción y rendimiento	<b>C</b>		<b>C</b>	<b>B</b>

Relacionado co recoñecemento e información pública dos títulos do Centro, destacar que os másters en *Química Orgánica* e en *Química Teórica y Modelización Computacional* aparecen no

Ranking **250 Master 2017/2018** do periódico [El Mundo](#). En concreto, no apartado de *Ciencias experimentales y Tecnológicas* se sitúan no segundo e terceiro posto do Ranking, respectivamente.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

Neste apartado recóllese a análise que a Comisión de Garantía de Calidade do Centro leva a cabo do Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro. Para isto, analizamos en primeiro lugar o grao de cumprimento das accións de mellora do centro e das diferentes titulacións, propostas con anterioridade. O grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do Centro son aceptables. Na [Memoria de Calidade do Centro 2016](#) se propuxeron 8 accións de mellora para o curso 2017-18, das cales 3 foron finalizadas con éxito. A continuación resumimos estas accións.

Avanzouse no acondicionamento do edificio a estudantes con necesidades especiais (AM-1), reformándose un aseo na planta baixa da Facultade (esta obra foi realizada en colaboración con Xerencia, Vicerreitoría de Comunicación e Oficina de Arquitectura e Urbanismo). Ademais, actualizouse parcialmente o Laboratorio de Instrumentalización Analítica da Facultade coa compra de un espectrofotómetro FT-IR (AM-7) (esta acción fíxose como resultado das axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia, correspondente á convocatoria 2016/17, e terá continuidade nos próximos cursos, xa que aínda está pendente a adquisición de mais equipos de laboratorio). Finalmente, organizouse una nova actividade formativa denominada “Reactiva a túa Química. Ciclo de conferencias” (AM-6), que foi recoñecida como actividade formativa transversal nos estudos de Grao, cunha equivalencia de 1 ECTS (Resolución Reitoral do 2 xuño de 2017).

Quedaron sen cumprir algunhas accións referentes á mellora das instalacións: a mellora da Biblioteca (AM-2) non puido levarse a cabo ó non aceptar a área TIC a renovación dos equipos informáticos por considerar que non están destinados á mellora da docencia; por outra banda, o orzamento asignado ao Centro no ano 2017 non permitiu a adquisición de novos equipos para o laboratorio de prácticas de Química Física (AM-5); e tampouco se conseguiu que a Oficina de Infraestruturas e Xerencia elaborara o cronograma de obras da reforma do Centro (AM-3).

Foi necesario aprazar para o ano 2018 dúas accións relevantes: a elaboración do Plan Estratéxico e Programación plurianual do Centro (AM-8) e a actualización do SGIC (AM-4) (que non puido

realizarse no ano 2017 porque a Área de Calidade aínda non adaptara o Manual simplificado ao novo regulamento de títulos da USC). A actualización do Manual Simplificado do Centro é necesaria, pois o novo regulamento de réxime interno da Facultade de Química supuxo unha reorganización das comisións do Centro. Engadir que a USC ven de actualizar recentemente a documentación do SGC. A [nova documentación](#), aprobada na Comisión de Calidade do Consello de Goberno o 23/02/2018 é a seguinte:

A- Nivel institucional:

- ✓ Manual USC
- ✓ Manual de procesos institucionais
- ✓ Anexos: Normativa, Táboa de informes, Táboa de indicadores, Táboa de información mínima a publicar.

B- Nivel de centro:

- ✓ Manual do centro
- ✓ Manual de procesos de centro

Os centros da USC teñen prazo ata o 23/02/2019 para adaptar o SGIC.

As accións de mellora non rematadas con eficacia retomaranse durante os próximos meses, xunto con novas accións de mellora que se propoñen a continuación.

Un dos obxectivos da Facultade de Química é aumentar de xeito significativo a súa internacionalización. No curso 2017-18 ofertáronse, no Grao en Química, 9 materias en inglés. Proponse como nova acción de mellora na axenda 2017-18 (AM-6) a oferta de novos títulos en inglés coordinados dende a Facultade de Química. Na actualidade se está tramitando a impartición do Grao en Química en inglés. Ademais tamén se vai a propoñer un mestrado en inglés, por parte do Centro Singular de Investigación en Química Biológica y Materiales Moleculares (CiQUS) en colaboración ca Facultade. Esta acción de mellora está en liña coas recomendacións do [Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao en Química](#) (22/06/2017) que propoñía manter no tempo as accións de mellora da internacionalización.

En liña con esta acción de mellora, se propón unha nova AM-7, que ten como tarefa a impartición dun “Curso de inglés como lingua de instrución no ensino”. Esta formación se ofertara ó PDI do Centro de cara a súa acreditación para impartir docencia nesta lingua ante a



inminente posta en marcha do Grao de Química en inglés.

Outro obxectivo prioritario e incrementar o número de estudantes nos mestrados coordinados pola facultade. Se propón como AM-8 o aumento nos canais de difusión da oferta dos títulos impartido na Facultade.

Como AM-9 se propón reforzar a interacción da Facultade cos centros de ensinanza secundaria. Para finalizar, a AM-10 é relativa á Revisión das prácticas de laboratorio ofertadas nos títulos impartidos na facultade. No [Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao en Química](#) (22/06/2017) se indica que debe mellorarse a organización das clases prácticas de laboratorio. Os egresados mostran unha satisfacción especialmente baixa por este tipo de formación. Se elaborarán informes das prácticas de laboratorio ofertadas nas distintas materias e proporanse cambios, de cara ó curso 2019-2020. Se tratará de evitar solapamentos e se procurará adaptar as practicas ás necesidades actuais dos títulos.

Analizamos tamén os resultados do último curso en base ós indicadores proporcionados pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC. Os indicadores de Centro IN01C-PC-05, IN02C-PC-05, IN03C-PC-05, IN04C-PC-05 e IN05C-PC-05 fan referencia á matrícula nas titulacións impartidas na Facultade de Química.

**IN01C-PC-05:** Prazas ofertadas.

Curso	Total	G. Química	2GQ&B <sup>1</sup>	2GF&Q <sup>2</sup>	MIQQ <sup>3</sup>	MQTM <sup>4</sup>	MQO <sup>5</sup>	MQA <sup>6</sup>
2016-17	243	105	20	10	80	8	20	
2015-16	248	110	20	10	80	8	20	
2014-15	233	125			80	8	20	
2013-14	195	125				0	0	70
2012-13	183	125				8	0	50
2011-12	230	125					55	50

<sup>1</sup>Dobre Grao en Química e Bioloxía.

<sup>2</sup>Dobre Grao en Física e Química.

<sup>3</sup>Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial.

<sup>4</sup>Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional.

<sup>5</sup>Máster Universitario en Química Orgánica.

<sup>6</sup>Máster Universitario en Química Avanzada.

**IN02C-PC-05:** Matrícula.

Curso	Total	G. Química	2GQ&B <sup>1</sup>	2GF&Q <sup>2</sup>	MIQQI <sup>3</sup>	MQTMC <sup>4</sup>	MQO <sup>5</sup>	MQA <sup>6</sup>
2016-17	619	535	32	17	16	2	17	
2015-16	652	583	19	9 <sup>7</sup>	28	2	11	
2014-15	600	563			26	1	10	
2013-14	566	526				1	0	39
2012-13	479	452				2	0	25
2011-12	390	362				0	2	26

**IN03C-PC-05:** Matrícula de acceso.

Curso	Total	G. Química	2GQ&B <sup>1</sup>	2GF&Q <sup>2</sup>	MIQQI <sup>3</sup>	MQTMC <sup>4</sup>	MQO <sup>5</sup>	MQA <sup>6</sup>
2016-17	175	116	16	9	16	1	17	
2015-16	202	139	19	9	23	1	11	
2014-15	183	146			26	1	10	
2013-14	179	140				0	0	39
2012-13	164	140				1	0	23
2011-12	173	147					0	26

**IN04C-PC-05:** Matrícula de novo ingreso por preinscripción.

Curso	Total	G. Química	2GQ&B <sup>1</sup>	2GF&Q <sup>2</sup>	MIQQI <sup>3</sup>	MQTMC <sup>4</sup>	MQO <sup>5</sup>	MQA <sup>6</sup>
2016-17	168	110	16	8	16	1	17	
2015-16	192	129	19	9	23	1	11	
2014-15	168	131			26	1	10	
2013-14	171	132				0	0	39
2012-13	150	126				1	0	23
2011-12	154	128					0	26

**IN05C-PC-05:** Variación da matrícula de novo ingreso por preinscripción (%).

Curso	Porcentaxe de Variación
2016-17	-12,6
2015-16	-2,4
2014-15	-0,8
2013-14	+14,8
2012-13	-3,3
2011-12	+2,7

Estes indicadores reflexan a diminución do número de prazas ofertadas no Grao en Química (baixou de 125 a 105 en dous anos), seguindo as indicacións de mellora propostas pola Comisión de Calidade do Centro e polo Comité Consultivo da Facultade.

A implantación dos dobres Graos pode considérase un éxito, cunha boa demanda que fai que se cubrisen as prazas ofertadas na súa totalidade.

En canto ós Másteres interuniversitarios, superada a desaparición do *Máster en Química Avanzada*, e coa consolidación do *Máster en Investigación Química e Química Industrial* e do *Máster de Orgánica*, parece que se nivela o número de alumnos matriculados en cada un deles (17 no MQO; 16 no MIQOI).

A continuación coméntanse os indicadores relacionados coa mobilidade dos estudantes:

**IN08C-PC-05:** Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%).

**IN09C-PC-05:** Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%).

**IN17C-PC-08:** Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (%).

Curso	IN08C-PC-05	IN09C-PC-05	IN17C-PC-08
2016-17	0,66	3,49	4,98
2015-16	0,62	2,49	3,42
2014-15	0,83	1,67	1,83
2013-14	0,71	0,88	3,89
2012-13	0,42	0,63	2,30
2011-12	0,52	0,77	2,06

**IN18C-PC-08:** Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o

total de matriculados (%).

Curso	Total	G. Química	2GQ&B <sup>1</sup>	2GF&Q <sup>2</sup>	MIQQI <sup>3</sup>	MQTMC <sup>4</sup>	MQO <sup>5</sup>	MQA <sup>6</sup>
2016-17	1,00	0,93			6,25			
2015-16	0,93	0,69			7,14			
2014-15	1,50	0,89			11,54		10	
2013-14	1,41	1,33						2,56
2012-13	0,84	0,88						
2011-12	1,54	0,28						7,69

Estes datos inciden na necesidade de internacionalización do Centro, dado que a presenza de novos estudantes de fóra de Galicia é, agora mesmo, practicamente anecdótica. Por elo, algunhas das accións de mellora propostas para o vindeiro ano van nesta liña. A potenciación de convenios con outras Universidades, a presenza en foros nacionais e internacionais e a inminente implantación do novo Grao de Química en inglés na Facultade deberían reflexarse en melloras nestes indicadores.

E tamén relevante a análise do indicador **IN14C-PC-05**, que mide o número de matriculados en másteres do centro por número de graduados do centro, e no que se observa unha clara tendencia á baixa. Son varios os factores que poden explicar este resultado, como a competencia con másteres altamente profesionalizantes noutras comunidades máis potentes de cara ó mercado de traballo, ou co Máster de profesorado que capacita para presentarse ás oposicións de Secundaria: o número de plazas ofertadas nestas oposicións, tanto en Galicia como no Estado, aumentou espectacularmente nos últimos anos e moitos egresados optan por esta opción profesional. Co fin de mellorar este indicador, propónse unha acción de mellora para o vindeiro curso que consiste en aumentar a difusión dos másteres nos medios de comunicación, potenciar a faceta profesionalizante do MIQQI, maior número de convenios con empresas, etc...

**IN14C-PC-05:** Núm. matriculados en Máster no Centro/Núm. graduados do Centro

Curso	IN14C-PC-05
2016-17	0,43
2015-16	0,53
2014-15	0,62
2013-14	0,70
2012-13	1,04

A relación de indicadores que fan referencia ós recursos humanos móstranse na seguinte táboa. En concreto son indicadores sobre a formación do profesorado implicado na docencia das titulacións coordinadas dende a Facultade de Química.

**IN24C-PS-01:** Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título (%).

**IN25C-PS-01:** Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (%).

**IN26C-PS-01:** Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (%).


Curso	IN24C-PS-01	IN25C-PS-01	IN26C-PS-01
2016-17	97,07	98,5	81,3
2015-16	97,01	100	83,5
2014-15	94,7	100	83,3
2013-14	95,6	99,0	89,7
2012-13	96,6	98,9	92,1
2011-12	94,4	98,3	91,6

Os datos da táboa mostran a adecuación do profesorado que imparte a docencia nos títulos. Os indicadores son moi positivos mostrando unhas porcentaxes de PDI con sexenios e PDI doutor moi superiores á media da USC. No caso do terceiro valor que mostra o porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total, aínda que tamén é positivo, aprecíase unha tendencia descendente, que pode ser consecuencia da actual taxa de reposición no SUG e na USC; de tódolos xeitos tamén é superior á media da USC.


Os seguintes indicadores permiten a comparación entre estudantes do grao en química e estudantes dos dobres graos de recente implantación (Dobre Grado en Química e Bioloxía, e

Dobre Grao en Física e Química).


INO6C-PC-05: Nota media de acceso por preinscrición (5-14)




IN34CG-S01-PM-01: Taxa de Rendemento (%).



IN35CG-S01-PM-01: Taxa de Éxito (%).



IN36CG-S01-PM-01: Taxa de Avaliación (%).



Obsérvase unha melloría xeral respecto ó curso anterior. Como era de esperar, a nota media de acceso e as taxas son moi superiores no caso dos dobres Graos. Pero hai que subliñar o efecto positivo que parece ter a implantación dos dobres Graos (xunto coa redución das prazas ofertadas) sobre os resultados no Grao en Química: a nota de acceso subiu máis de medio punto no último curso e as taxas de éxito e de rendemento melloraron tamén moi notablemente.

A información relativa á satisfacción dos grupos de interese se recolle nos Informes de Seguimento dos títulos. De forma complementaria, dende o Centro, se realizaron distintas enquisas de satisfacción durante o curso 2016-2017:

<http://www.usc.es/gl/centros/quimica/curso/enquisas.html>

En concreto no citado curso se fixeron enquisas ós estudantes de primeiro e ós estudantes da materia Traballo Fin de Grao.

Como resultado das distintas enquisas (instucionales e internas) se tomaron diversas accións de mellora nos títulos. A modo de exemplo indicar que nos dous últimos cursos, os horarios e o calendario de exames complicáronse moito debido á necesaria coordinación cos dobres graos que implican a outros dous centros. Co obxectivo de facilitar a participación do alumnado, se invitou a unha representación dos mesmos ás reunións da Comisión do Grao onde se debateu o tema dos horarios. Como resultado das reunións delegouse no estudantado a elaboración dunha proposta de calendario de exames; dita proposta foi revisada e aprobada pola Comisión del Grao e o calendario de exames definitivo foi aprobado pola Comisión Permanente da Facultade, onde os alumnos teñen voz e voto (ver [Acta Comisión Permanente do 23-06-2017](#)).

Dende o curso 2014-15 está activa unha caixa de correo de incidencias/queixas da Facultade:

<http://www.usc.es/gl/centros/quimica/suxestions.html>

Durante o curso 2016-17, as queixas relacionadas ca docencia referíronse fundamentalmente ó solapamento puntual de horarios entre materias do Grao. Estas reclamacións foron trasladadas á Comisión do Grao e seguiron o procedemento indicado pola normativa da Universidade.



### 3. Plan de Melloras do Centro

#### 3.1. Accións de mellora derivadas da revisión e seguimento do SGIC no curso académico obxecto de seguimento.

#### Tabla resumen de las acciones de mejora 2017-18



#### LISTAXE DE ACCIÓNS

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Usuario responsable** Todos

**Tipo acción** Acción de mellora

**Accións** Todas

**Estado** Todos

**Orixe acción** Todas

**Axenda** Curso 2017-2018

ID	Orixen	Descrición	Estado	Responsable	Resp.seguimento	ID Orixe	Fin Previsto	Rematada
AM-1	Propostas de Mellora	Mellora das instalacións da Biblioteca da Facultade	En construción	Pedro Rodríguez Dafonte			21/12/2018	
AM-2	Propostas de Mellora	Elaboración do cronograma de obras do centro.	En construción	María del Pilar Bermejo Barrera			21/12/2018	
AM-3	Informe de Seguimento	Actualización do SGIC da Facultade.	En construción	Pedro Rodríguez Dafonte			21/12/2018	
AM-4	Informe de Seguimento	Renovación de instrumentación no laboratorio de prácticas de Química Física.	En construción	Pedro Rodríguez Dafonte			21/12/2018	
AM-5	Propostas de Mellora	Plan Estratéxico e Programación Plurianual.	En construción	Pedro Rodríguez Dafonte			21/12/2018	
AM-6	Informe de Seguimento	Internacionalización dos títulos ofertados pola Facultade para favorecer a mobilidade de entrada.	En construción	María del Pilar Bermejo Barrera	Pedro Rodríguez Dafonte		21/12/2018	
AM-7	Informe de Seguimento	Formación do profesorado co obxectivo de incrementar a internacionalización dos títulos.	En construción	Pedro Rodríguez Dafonte	SUSANA LOPEZ ESTEVEZ		21/12/2018	
AM-8	Informe de Seguimento	Incrementar o atractivo e a visibilidade dos títulos de mestrado ofertados pola Facultade.	En construción	María del Pilar Bermejo Barrera	SUSANA LOPEZ ESTEVEZ		21/12/2018	
AM-9	Informe de Seguimento	Reforzar a interacción da Facultade con centros de ensinanza secundaria. Difusión da atractiva oferta de titulacións do centro (dobres graos, titulacións en inglés, másters).	En construción	SUSANA LOPEZ ESTEVEZ			21/12/2018	
AM-10	Informe de Seguimento	Revisión das prácticas de laboratorio ofertadas nos títulos impartidos na facultade.	En construción	María del Pilar Bermejo Barrera	Jesus Sanmartín Matalobos		21/12/2018	
AM-11	Informe de Seguimento	Co obxectivo de adquirir as habilidades características da actividade investigadora como son a busca, avaliación e uso ético da información científica (citar); como redactar, presentar e onde publicar.	En construción	SUSANA LOPEZ ESTEVEZ	Pedro Rodríguez Dafonte		20/12/2018	



## ACCIÓN: AM-1

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 21 Decembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Pedro Rodríguez Dafonte

**Análise da(s) causa(s)** A mellora nas infraestruturas da Biblioteca non puido ser finalizada con éxito nos dous últimos cursos. Proponñense as seguintes actuacións en colaboración con Xerencia e Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación:  
 a) Instalación de catro puntos de consulta con equipos informáticos na Sala do Chemical Abstracts (2º andar) para acceder ao catálogo da Biblioteca, ás bases de datos e os recursos electrónicos da BUSC. b) Completar a renovación de mobiliario de uso común para estudantes: mesas, cadeiras, etc

**Descrición da proposta** Mellora das instalacións da Biblioteca da Facultade

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-1.1 - Mellora das instalacións da Biblioteca da Facultade.	Pedro Rodríguez Dafonte	Activa	21/12/2018

**En construción**

## ACCIÓN: AM-2

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 21 Decembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** María del Pilar Bermejo Barrera

**Análise da(s) causa(s)**

Elaboración do cronograma de obras do centro. O Consello de Goberno da USC, reunido o 16 de decembro de 2016, aprobou a Programación Plurianual da USC, onde se inserta a elaboración dun plan de reforma incluíndo as accións a realizar e o cronograma das mesmas. Durante o curso 17-18 débese completar por parte da Oficina de Arquitectura e Urbanismo o cronograma e programar, en colaboración coa dirección do centro, as actuación específicas dirixidas á renovación das infraestruturas do centro.

**Descrición da proposta** Elaboración do cronograma de obras do centro.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-2.1 - Elaboración do cronograma de obras do Centro.	María del Pilar Bermejo Barrera	Activa	28/09/2018



## ACCIÓN: AM-3

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 21 Decembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Pedro Rodríguez Dafonte

**Análise da(s) causa(s)** Actualización do SGIC como consecuencia da entrada en vigor do novo regulamento de réxime interno.

**Descrición da proposta** Actualización do SGIC da Facultade.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-3.1 - Actualización do SGIC da Facultade.	Pedro Rodríguez Dafonte	Activa	21/12/2018

**En construción**



## ACCIÓN: AM-4

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 21 Decembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Pedro Rodríguez Dafonte

**Análise da(s) causa(s)** Mantemento de laboratorios de Química Física. Renovación de Software e hardware de espectrofotómetros UV-VIS (CARY). Renovación de material informático.

**Descrición da proposta** Renovación de instrumentación no laboratorio de prácticas de Química Física.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requirida
AM-4.1 - Renovación de instrumentación no laboratorio de prácticas de Química Física.	Pedro Rodríguez Dafonte	Activa	30/11/2018

**En construción**



## ACCIÓN: AM-5

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 21 Decembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Pedro Rodríguez Dafonte

**Análise da(s) causa(s)** Elaboración por parte da Comisión de Calidade da Facultade do Plan Estratéxico e a Programación Plurianual.

**Descrición da proposta** Plan Estratéxico e Programación Plurianual.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-5.1 - Plan Estratéxico e Programación Plurianual.	Pedro Rodríguez Dafonte	Activa	14/12/2018

**En construción**



## ACCIÓN: AM-6

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 21 Decembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** María del Pilar Bermejo Barrera

**Responsables do seguimento** Pedro Rodríguez Dafonte

**Análise da(s) causa(s)** Proponse como nova acción de mellora na axenda 2017-18 a oferta de novos títulos en inglés coordinados dende a Facultade de Química. Na actualidade se está tramitando a impartición do grao en química en inglés. Ademais tamén se vai a propoñer un mestrado en inglés, por parte do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica y Materiales Moleculares (CiQUS) en colaboración ca Facultade. Esta acción de mellora está en liña cas recomendacións do Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao en Química (22/06/2017) que propoñía manter no tempo as accións de mellora da internacionalización

**Descrición da proposta** Internacionalización dos títulos ofertados pola Facultade para favorecer a mobilidade de entrada.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-6.1 - Implantación de un grao de química en inglés no curso 2018-19.	Pedro Rodríguez Dafonte	Activa	21/09/2018
AM-6.2 - Proposta do mestrado ?MASTER IN CHEMISTRY AT THE INTERFACE OF BIOLOGY AND MATERIALS SCIENCE? por parte do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica y Materiales Moleculares (CiQUS) en colaboración ca Facultade.	María del Pilar Bermejo Barrera	Activa	21/12/2018

**En construción**



## ACCIÓN: AM-7

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 21 Decembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Pedro Rodríguez Dafonte

**Responsables do seguimento** SUSANA LOPEZ ESTEVEZ

**Análise da(s) causa(s)** Impartición dun "Curso de inglés como lingua de instrución no ensino", coa colaboración do Centro de Linguas Modernas. Esta formación se ofertara ó PDI do Centro de cara a súa acreditación para impartir docencia nesta lingua ante a inminente posta en marcha do Grao de Química en inglés.

**Descrición da proposta** Formación do profesorado co obxectivo de incrementar a internacionalización dos títulos.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-7.1 - ?Curso de inglés como lingua de instrución no ensino? para profesores que impartan docencia en inglés nos títulos ofertados pola Facultade.	Pedro Rodríguez Dafonte	Activa	21/12/2018

**En construción**





## ACCIÓN: AM-8

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 21 Decembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** María del Pilar Bermejo Barrera

**Responsables do seguimento** SUSANA LOPEZ ESTEVEZ

**Análise da(s) causa(s)** Os indicadores relativos ó Criterio 1 nos títulos de posgrao ofertado pola facultade mostran un descenso no número de matriculados.

**Descrición da proposta** Incrementar o atractivo e a visibilidade dos títulos de mestrado ofertados pola Facultade.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-8.1 - Mellorar a publicidade e os canais de difusión dos títulos do centro.	María del Pilar Bermejo Barrera	Activa	21/12/2018

**En construción**

## ACCIÓN: AM-9

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 21 Decembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** SUSANA LOPEZ ESTEVEZ

**Análise da(s) causa(s)** Mellora do perfil de acceso de estudantes dos títulos ofertados polo centro.

**Descrición da proposta** Reforzar a interacción da Facultade con centros de ensinanza secundaria. Difusión da atractiva oferta de titulacións do centro (dobres graos, titulacións en inglés, másters).

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-9.1 - Reforzar a interacción da Facultade con ensinanza secundaria a través de xornadas de portas abertas, actividades lúdico-formativas, etc. Difusión da atractiva oferta de titulacións do centro (dobres graos, titulacións en inglés, másters).	SUSANA LOPEZ ESTEVEZ	Activa	21/12/2018

**En construción**



## ACCIÓN: AM-10

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 21 Decembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** María del Pilar Bermejo Barrera

**Responsables do seguimento** Jesus Sanmartín Matalobos

**Análise da(s) causa(s)** No Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao en Química (22/06/2017) se indica que debe mellorarse a organización das clases prácticas de laboratorio. Os egresados mostran unha satisfacción especialmente baixa por este tipo de formación.

**Descrición da proposta** Revisión das prácticas de laboratorio ofertadas nos títulos impartidos na facultade.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-10.1 - As comisións de títulos elaborarán un informe da situación de prácticas de laboratorio ofertadas nas distintas materias e propondrán cambios, de cara ó curso 2019-2020. Se tratará de evitar solapamentos e se procurará adaptar as practicas ás necesidades actuais dos títulos.	María del Pilar Bermejo Barrera	Activa	21/12/2018

**En construción**

## ACCIÓN: AM-11

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 20 Decembro 2018

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** SUSANA LOPEZ ESTEVEZ

**Responsables do seguimento** Pedro Rodríguez Dafonte

**Análise da(s) causa(s)** O alumnado do Máster iníciase na investigación e necesita adquirir competencias necesarias para a redacción e defensa do TFM.

**Descrición da proposta** Co obxectivo de adquirir as habilidades características da actividade investigadora como son a busca, avaliación e uso ético da información científica (citar); como redactar, presentar e onde publicar.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-11.1 - Presentouse a programación na Comisión da Biblioteca do 06/06/2018. Realizouse a consulta aos directores dos Máster que se imparten na Facultade de Química e ó presidente da comisión e coordinador do programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química.	SUSANA LOPEZ ESTEVEZ	Activa	20/12/2018

**En construción**

### **3.2. Accións de mellora de anos anteriores en proceso de execución.**

### 3.3. Accións de mellora executadas ao 100% no curso académico obxecto de seguimento.



## LISTAXE DE ACCIÓNS

Sistema de xestión Facultade de Química

Usuario responsable Todos

Tipo acción Acción de mellora

Accións Todas

Estado Todos

Orixe acción Todas

Axenda Axenda 2016-2017

ID	Orixe	Descrición	Estado	Responsable	Resp.seguimento	ID Orixe	Fin Previsto	Rematada
AM-1	Propostas de Mellora	Adaptación do edificio a estudantes con necesidades especiais. Será necesario contar coa participación de Xerencia e Vicerreitoría de Comunicación e Oficina de Arquitectura e Urbanismo.	Finalizada	María del Pilar Bermejo Barrera			22/12/2017	
AM-2	Propostas de Mellora	Mellora das instalacións da Biblioteca da Facultade.	Finalizada	Pedro Rodríguez Dafonte			22/12/2017	
AM-3	Propostas de Mellora	Elaboración do cronograma de obras do centro.	Finalizada	María del Pilar Bermejo Barrera			22/12/2017	
AM-4	Propostas de Mellora	Actualización do SGIC da Facultade.	Finalizada	Pedro Rodríguez Dafonte			22/12/2017	
AM-5	Propostas de Mellora	Renovación de instrumentación no laboratorio de prácticas de Química Física.	Finalizada	Pedro Rodríguez Dafonte			22/12/2017	
AM-7	Propostas de Mellora	Actualización do Laboratorio de Instrumentación Analítica da Facultade.	Finalizada	María del Pilar Bermejo Barrera			22/12/2017	
AM-8	Propostas de Mellora	Plan Estratéxico e Programación Plurianual.	Finalizada	Pedro Rodríguez Dafonte			22/12/2017	
AM-6	Propostas de Mellora	Nova actividade formativa denominada "Reactiva a túa Química. Ciclo de conferencias".	Finalizada	María del Pilar Bermejo Barrera			28/07/2017	

## ACCIÓN: AM-1

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 22 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Eficacia** Si

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** María del Pilar Bermejo Barrera

**Análise da(s) causa(s)**

Esta acción, non finalizada con eficacia na axenda 15-16, diríxese a acondicionar as instalacións do centro para dotalo dunha mellor accesibilidade para estudantes con necesidades especiais. Como tarefa máis inmediata se propón acondicionar baños adaptados no edificio. Será necesario contar coa participación de Xerencia e Vicerreitoría de Comunicación e Oficina de Arquitectura e Urbanismo.

**Descrición da proposta**

Adaptación do edificio a estudantes con necesidades especiais. Será necesario contar coa participación de Xerencia e Vicerreitoría de Comunicación e Oficina de Arquitectura e Urbanismo.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-1.1 - Acondicionamento do edificio a estudantes con necesidades especiais.	María del Pilar Bermejo Barrera	Executada	30/11/2017

Comprobacións tarefas e subtareas	Incidencias	Axustes	Data
AM-1.1 - Na planta baixa da Facultade reformouse un aseo adaptado a persoas con necesidades especiais. A obra foi realizada en colaboración con Xerencia, Vicerreitoría de Comunicación e Oficina de Arquitectura e Urbanismo.			21/12/2017

**Finalizada**

## ACCIÓN: AM-2

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 22 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Eficacia** Non

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Pedro Rodríguez Dafonte

**Análise da(s) causa(s)**

A mellora nas infraestruturas da Biblioteca non puido ser finalizada con éxito nos dous últimos cursos. Proponse as seguintes actuacións en colaboración con Xerencia e Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación:

a) Instalación de catro puntos de consulta con equipos informáticos na Sala do Chemical Abstracts (2º andar) para acceder ao catálogo da Biblioteca, ás bases de datos e os recursos electrónicos da BUSC.

b) Completar a renovación de mobiliario de uso común para estudantes: mesas, cadeiras, etc

**Descrición da proposta** Mellora das instalacións da Biblioteca da Facultade.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-2.1 - Mellora das instalacións da Biblioteca da Facultade.	Pedro Rodríguez Dafonte	Executada	15/12/2017

Comprobacións tarefas e subtarefas	Incidencias	Axustes	Data
AM-2.1 - A mellora das instalacións da biblioteca non foi posible no ano 2017. Intentouse renovar os equipos informáticos da biblioteca pero a área TIC da USC considera que ditos ordenadores non están destinados á mellora da docencia do grao.			22/12/2017

**Finalizada**





## ACCIÓN: AM-3

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 22 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Eficacia** Non

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** María del Pilar Bermejo Barrera

**Análise da(s) causa(s)**

Elaboración do cronograma de obras do centro. O Consello de Goberno da USC, reunido o 16 de decembro de 2016, aprobou a Programación Plurianual da USC, onde se inserta a elaboración dun plan de reforma incluíndo as accións a realizar e o cronograma das mesmas. Durante o curso 16-17 débese completar por parte da Oficina de Arquitectura e Urbanismo o cronograma e programar, en colaboración coa dirección do centro, as actuación específicas dirixidas á renovación das infraestruturas do centro.

**Descrición da proposta** Elaboración do cronograma de obras do centro.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-3.1 - Elaboración do cronograma de obras do Centro.	María del Pilar Bermejo Barrera	Executada	29/09/2017

Comprobacións tarefas e subtareas	Incidencias	Axustes	Data
AM-3.1 - O centro sigue agardando a elaboración do cronograma de obras de reforma do centro da Oficina de Infraestruturas e Xerencia da USC			22/12/2017

**Finalizada**

## ACCIÓN: AM-4

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 22 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Eficacia** Non

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Pedro Rodríguez Dafonte

**Análise da(s) causa(s)** Actualización do SGIC como consecuencia da entrada en vigor do novo regulamento de réxime interno.

**Descrición da proposta** Actualización do SGIC da Facultade.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-4.1 - Actualización do SGIC	Pedro Rodríguez Dafonte	Executada	29/09/2017
Comprobacións tarefas e subtareas	Incidencias	Axustes	Data
AM-4.1 - A actualización do SGIC do centro aprazouse para 2018. Agradamos a actualización da Área de Calidade do manual simplificado adaptado ao novo regulamento de títulos da USC			22/12/2017

**Finalizada**



## ACCIÓN: AM-5

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 22 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Eficacia** Non

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Pedro Rodríguez Dafonte

**Análise da(s) causa(s)**

Mantemento de laboratorios de Química Física. Renovación de Software e hardware de espectrofotómetros UV-VIS (CARY). Renovación de material informático.

**Descrición da proposta**

Renovación de instrumentación no laboratorio de prácticas de Química Física.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-5.1 - Renovación de instrumentación no laboratorio de prácticas de Química Física.	Pedro Rodríguez Dafonte	Executada	30/11/2017

Comprobacións tarefas e subtareas	Incidencias	Axustes	Data
AM-5.1 - O orzamento do Centro do ano 2017 non permitiu a adquisición de novos equipos para o laboratorio de prácticas de Química Física.			22/12/2017

**Finalizada**

## ACCIÓN: AM-6

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 28 Xullo 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Eficacia** Si

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** María del Pilar Bermejo Barrera

**Análise da(s) causa(s)**

A actividade formativa denominada "Reactiva a túa Química. Ciclo de conferencias", consistirá na asistencia a, cando menos, 12 das 15 sesións formativas presenciais (de 1 h de duración) e a entrega dun portafolios (cun resume por sesión) equivalente a 10h de traballo autónomo.

A actividade será recoñecida con 1 crédito ECTS de competencias transversais ao alumnado do Grao en Química, e dos dobres Graos en Química-Bioloxía e Física-Química. As conferencias serán impartidas por profesionais do ámbito académico ou empresarial. Seleccionaranse temas de actualidade relacionados coa delineación das perspectivas de futuro profesional do alumnado.

Con esta actividade preténdese que o alumnado adquira a competencia transversal CT1 "capacidade de análise e síntese", recollida na memoria do Grao en Química.

**Descrición da proposta**

Nova actividade formativa denominada "Reactiva a túa Química. Ciclo de conferencias".

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-6.1 - Nova actividade formativa denominada "Reactiva a túa Química. Ciclo de conferencias".	María del Pilar Bermejo Barrera	Executada	28/07/2017

Comprobacións tarefas e subtarefas	Incidencias	Axustes	Data
AM-6.1 - A Resolución Reitoral do 2 de xuño de 2017 reconece a actividade "REACTIVA A TÚA QUÍMICA. CICLO DE CONFERENCIAS" como actividade formativa transversal nos estudos de grao, cunha equivalencia de 1 ECTS.			30/06/2017

**Finalizada**

## ACCIÓN: AM-7

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 22 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Eficacia** Si

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** María del Pilar Bermejo Barrera

**Análise da(s) causa(s)**

Actualización do Laboratorio de Instrumentación Analítica da Facultade. Este laboratorio que xa ten moitos anos dispón de varios equipos de instrumentación con mais de 20 anos de antigüidade que é preciso renovar, pero ademais no dispón de ningún equipo coas características seguintes, e o coñecemento e manexo dos mesmos é imprescindible na formación dos Graduados en Química no século XXI. Cromatógrafo de Gases con detector por Espectrometría de Masas, GC-MS Espectrofotómetro de Infrarrojo con Transformada de Fourier , FT-IR Sistema electroquímico para la determinación de iones.

Este laboratorio da servizo fundamentalmente a todas as prácticas da área de Química Analítica das titulacións do Grao en Química, Grao en Enxenería Química, Doble Grao en Química e Bioloxía, Dobre Grao en Física e Química. Tamén é utilizado como apoio en prácticas das outras áreas de coñecemento.

**Descrición da proposta**

Actualización do Laboratorio de Instrumentación Analítica da Facultade.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-7.1 - Actualización do Laboratorio de Instrumentación Analítica da Facultade.	María del Pilar Bermejo Barrera	Executada	30/11/2017

Comprobacións tarefas e subtarefas	Incidencias	Axustes	Data
AM-7.1 - Actualizouse parcialmente o Laboratorio de Instrumentación Analítica da Facultade. En outubro de 2017 adquiriuse un Espectrofotómetro de Infrarrojo con Transformada de Fourier , FT-IR. A adquisición deste material fíxose, en parte, como resultado das axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia, correspondente á convocatoria 2016-2017. Esta acción de mellora terá continuidade nos próximos cursos xa que temos pendente a adquisición de mais equipos de laboratorio.			21/12/2017

**Finalizada**



## ACCIÓN: AM-8

**Sistema de xestión** Facultade de Química

**Finalización do proceso previsto** 22 Decembro 2017

**Tipo** Acción de mellora

**Eficacia** Non

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Pedro Rodríguez Dafonte

**Análise da(s) causa(s)** Elaboración por parte da Comisión de Calidade da Facultade do Plan Estratégico e a Programación Plurianual.

**Descrición da proposta** Plan Estratégico e Programación Plurianual.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-8.1 - Plan Estratégico e Programación Plurianual.	Pedro Rodríguez Dafonte	Executada	15/12/2017

Comprobacións tarefas e subtarefas	Incidencias	Axustes	Data
AM-8.1 - A elaboración do Plan Estratégico e Programación plurianual do centro aprazouse a 2018.			22/12/2017

**Finalizada**

#### 4. Anexo: Informes de seguimento

Anexo I: [Informe de seguimento do Grao en Química](#)

Anexo II: [Informe de seguimento do Máster en Investigación Química e Química Industrial](#)

Anexo III: [Informe de seguimento do Máster en Química Orgánica](#)

Anexo IV: Informe de seguimento do Máster en Química Teórica e Modelización Computacional

Anexo V: [Informe de Competencias Informacionais](#)